

INVESTIGACIÓN SOBRE VIOLENCIA DE XÉNERO

M^a Concepción Rodríguez Pérez
M^a Rosario Pousa Torres
José Vicente Martínez Romero
Juan Carlos Prados Moreno

ÍNDICE

1.- Obxectivos e hipóteses

2.- Marco Teórico

- a) Conceptos Básicos
- b) Definicións
- c) Clasificacións
- d) Consecuencias da Violencia
- e) Situación actual

3.- Estatísticas

4.- Estado actual deste estudio

5.- Anexos

1.- OBXECTIVOS E HIPÓTESES

OBXECTIVOS:

- a) Estudar a realidade social das mulleres vítimas de Violencia de xénero en Galicia.
- b) Avaliar os resultados do programa de intervención coas mulleres vítimas de violencia de xénero.

HIPÓTESES

Xerais:

- a) Que o nivel de recursos económicos determina o momento da presentación da denuncia de maltrato.
- b) Que a rede social e/ou familiar inflúe na presentación da denuncia.
- c) Que as cargas familiares da muller determinan a toma de decisión fronte a denuncia.

Operativas:

- a) As mulleres que carecen de recursos económicos tardan mais en presentar a denuncia.
- b) As mulleres que carecen de rede apoio social ou familiar tardan mais en presentar a denuncia.

c) As mulleres con maiores cargas familiares (2 ou + fillos/fillas) tardan mais en presentar a denuncia.

2.- MARCO TEÓRICO

INTRODUCCIÓN e CONCEPTOS BÁSICOS.-

“A violencia exercida contra a muller ten unhas repercusións moito maiores que o dano inmediato causado á vítima. Ten consecuencias devastadoras para as mulleres que a experimentan, e un efecto traumático para os que a presencian, en particular os nenos e nenas.

Representa algo vergoñento para os Estados que non logran evitala e as sociedades que a toleran. A violencia exercida contra a muller constitúe unha violación dos dereitos humanos básicos que debe ser eliminada por medio da vontade política e as actuacións xudiciais e civís en todos os sectores da sociedade”. (*Estudo multipaís da OMS sobre saúde da muller e violencia doméstica contra a muller.*)

VIOLENCIA DE XÉNERO Vs VIOLENCIA DOMÉSTICA:

O termo “violencia de xénero” representa o concepto que engloba os distintos tipos de violencia que sofren as mulleres polo feito de ser mulleres e que se produce en calquera dos ámbitos nos que están presentes.

O termo violencia doméstica aínda que segue a ser perfectamente válido se limitaría á violencia exercida contra as mulleres no ámbito doméstico e por tanto excluíría todos os actos violentos que a muller sofre noutras circunstancias como poden ser os ámbitos laboral e social, aínda que se o equiparamos a “violencia intrafamiliar” incluírá a violencia exercida contra menores e/ou persoas dependentes.

Tratamos así de superar a distinción entre espazo público e espazo privado que tradicionalmente se ten asignado ao home e á muller para por de manifesto que a violencia contra as mulleres transcende do privado ao público. Este feito debe entenderse nunha dupla vertente. Por un lado a necesidade de facer público un facto que até non hai moito se consideraba algo privado, como un problema de parella. Por outra banda as mulleres, na medida que acceden a todos os ámbitos da vida pública, sofren alén do ámbito familiar, violencia neses ámbitos, como é por exemplo o acoso laboral.

Feita esta distinción entre conceptos poderíamos definir a violencia de xénero como un tipo de violencia específica contra as mulleres, pola súa adscrición a ese grupo; unha violencia que o home utiliza para someter e discriminar á muller, tendo como obxectivo perpetuar as relacións de poder de homes sobre mulleres así como a submisión e o control das súas vidas.

Neste sentido é necesario sinalar, como elemento determinante, a Declaración sobre a eliminación da violencia contra a muller adoptada en 1993 pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas, na que se reflicte por primeira vez baixo a perspectiva de xénero, nun documento das Nacións Unidas, a violencia exercida polos homes contra as mulleres vinculando de forma explícita a violencia con a posición de dominio do home e a de subordinación da muller.

VIOLENCIA DE XÉNERO COMO PROBLEMA DE SAÚDE PÚBLICA:

A O.M.S. definiu a violencia como o uso deliberado da forza física ou o poder, xa sexa en grao de ameaza ou efectivo, contra un mesmo, outra persoa o un grupo o comunidade, que cause o teña muchas probabilidades de causar lesións, morte, danos psicolóxicos, trastornos do desenvolvemento ou privacións.

Así mesmo na “Declaración sobre a eliminación da violencia contra a muller” (1993) da Asemblea Xeral das Nacións Unidas, se definiu a violencia de xénero como todo acto de violencia baseado na pertenza ao sexo feminino que teña ou poda ter como resultado un dano ou sufrimento físico, sexual o psicolóxico, incluso as ameazas de tais actos, a coacción ou privación arbitraria de liberdade, tanto se se producir na vida pública como privada”.

Ora ben, non existen na actualidade estudos fiábeis sobre a gravidade do problema que abrangan o ámbito da UE; os estudos levados a cabo en Finlandia (1999), Suecia (2001) e Alemaña (2004) pon de manifesto a magnitude do problema, partindo da definición

que fan As Nacións Unidas da violencia, eses estudos mostran que entre o 40 e o 50 % das mulleres deses tres países manifestan ter sufrido, nalgún momento de súa vida, algún tipo de violencia exercida por algún home.

Tendo en conta a incidencia e prevalencia da violencia de xénero así como as súas graves consecuencias para as mulleres que a sofren, e sobre a base de que a saúde pública se centra na saúde das comunidades e as poboacións ocupándose nas súas intervencións, na medida do posíbel, dos grupos que corren maior risco de enfermidades o lesións, podemos considerar a violencia de xénero como un verdadeiro problema de saúde pública.

CLASIFICACIÓN Da VIOLENCIA DE XÉNERO:

Seguindo as clasificacións clásicas podemos distinguir os seguintes tipos de violencia: VIOLENCIA FÍSICA, VIOLENCIA PSICOLÓXICA e VIOLENCIA SEXUAL.

Se ben conviría sinalar a VIOLENCIA ECONÓMICA e/ou MATERIAL como outro tipo de violencia contra as mulleres por parte dos homes.

A continuación pasamos a definilas:

- **VIOLENCIA FÍSICA:** Mediante o uso da forza física de forma intencionada podendo producir lesións físicas, feridas, discapacidade e incluso morte.
Abarcando puñadas, golpes, labazadas, empurróns, rabuñazos, mordedelas, moxegazos, estrangulamento, estiróns de cabelo, queimaduras, etc..

- **VIOLENCIA PSICOLÓXICA:** Encamiñada a degradar e anular á muller dun punto de vista emocional atentando contra da súa autoestima e dificultando o seu poder para establecer os mecanismos necesarios para saír desa situación, chegando a causar trastornos psicolóxicos na vítima.

Se exerce fundamentalmente mediante insultos, críticas, ridiculizacións, humillacións, desprezos, ameazas, gritos, cambios bruscos de humor.

- **VIOLENCIA SEXUAL:** Conductas que atentan contra a liberdade sexual da muller: relacións sexuais non desexadas, imposición mediante a forza física, coacción, tocadelas, abuso, violación. Independentemente de que se leven a cabo dentro do ámbito conxugal serán actos violentos se non existe consentimento por parte da muller o no caso de que sexa unha menor e/ou sen capacidade de consentimento.
- **VIOLENCIA ECONÓMICA e/ou MATERIAL:** Mediante o control do diñeiro e os recursos económicos, exclusión da muller na súa administración, recriminar gastos necesarios, impedir o acceso a contas bancarias ou cartóns de crédito, non permitir o desenvolvemento da vida laboral da muller. Tamén se pode incluír o dano ou destrución de obxectos e bens materiais da muller de forma intencionada.

É importante sinalar que a violencia psicolóxica é a única que se pode inflixir de forma illada e, directa o indirectamente, sempre acompañará aos outros tipos de violencia.

ANÁLISES DE CAUSAS

Debemos enmarcar a violencia de xénero dentro do sistema andro-céntrico que rexe a totalidade das sociedades actuais. Podemos dicir, sen temor a equivocarnos, que en maior o menor medida a discriminación da muller, e a violencia exercida sobre ela como parte desta desigualdade, está presente en todas as sociedades, en todas as clases sociais, en todos os status económicos, niveis culturais e grupos de idade.

TEORÍA DA APRENDIZAXE SOCIAL

Partindo do social ao individual as persoas interiorizan os valores de cada cultura así como as relacións de poder establecidas, é precisamente dicha interiorización lo que provoca unha gran resistencia ao cambio sendo necesario desaprender conceptos non adecuados para reaprender un novo orden de relacións en equidade. Ademais na medida en que a persoa se adapta ao que se espera dela se ve reforzada para seguir reproducindo o modelo. Os cambios de comportamento son o resultado da interacción da persoa con o medio ambiente; o cambio é bidireccional.

A *Teoría da aprendizaxe social* de *Albert Bandura*, que máis tarde pasaría a denominarse *Teoría cognitivo social da aprendizaxe*, nos pode servir como modelo explicativo do proceso de aprendizaxe de roles e reprodución das condutas asociadas a cada rol, entre elas a violencia contra as mulleres.

Non se debe confundir igualdade con uniformidade, a igualdade significa ter as mesmas oportunidades independentemente do xénero, entendo xénero como construto sociocultural asignado ao sexo e que outorga unha serie de roles a home e muller polo feito de haber nacido macho o femia.

É importante citar estes breves fundamentos teóricos para saber de onde partimos e así intentar lograr alcanzar os obxectivos propostos, sen esquecer en ningún momento que todos e todas somos produto de nosa educación e da conxuntura social na que nos desenvolvemos.

Así sabemos que homes que han sufrido malos tratos en etapas temperás ten maior probabilidade de ser, á súa vez, maltratadores en idades adultas. Isto non xustifica, baixo ningún aspecto, dichas condutas pero en cambio nos pode servir para poder explicalas en parte.

Do anterior podemos deducir que a violencia de xénero é un fenómeno multi-causal e por tanto haberá que abordalo de forma multi-dimensional sen esquecermonos que se ben debemos facer fronte á problemática presente a forma de previr e combater dito fenómeno pasa necesariamente por a educación en igualdade de forma transversal.

CICLO Da VIOLENCIA

No referente á súa aparición e mantemento, muchas veces durante anos, e no ámbito das relacións de parella é importante sinalar a *Teoría do Ciclo da Violencia* de *Leonor Walter (1979)*.

Se basea en que as mulleres agredidas non están sendo constantemente agredidas nin súa agresión é inflixida totalmente ao azar presentando as agresións un ciclo definido. Dito ciclo pódese dividir en tres fases que pasaremos a describir:

DESCRIPCIÓN Das FASES.-

1ª FASE: Escalada da tensión, se produce violencia de tipo verbal, enfados, críticas, gritos o insultos, poden producirse empurróns. A muller ten crenzas de control sobre a conduta do home e espera a que el recapacite o mude. O agresor interpreta esta actitude como de pasividade e reforza a súa conduta agresiva.

2ª FASE: a escalada de tensión vai en aumento até que se produce unha agresión como unha descarga das tensións que se ten vido acumulando na fase un. Esta falta de control e a súa grande destructividade distingue ao incidente agudo de agresión dos incidentes menores de agresión da fase un lo cal non resta gravidade á fase un.

3ª FASE: o agresor, que é consciente da súa conduta en todo momento, trata de compensar á vítima: Así presenta un comportamento que se podería denominar cariñoso, amábel e de suposto arrepentimento. Trata de atribuír a causas externas a súa conduta e promete que vai a cambiar tratando de negar a súa responsabilidade. Durante esta fase se completa o proceso de cronificar a situación de vítima da muller agredida.

Cando o agresor ha conseguido seu obxectivo e anula a capacidade de toma de decisións da vítima esta se sente en certa medida responsábel do que lle ocorre experimentando sentimentos de culpa e pensando que a situación pode solucionarse se ela intenta que as cosas volvan a ser como antes.

Neste momento o proceso se cronifica e desaparece a fase de arrepentimento (3ª FASE) pasando o ciclo da fase de escalada de tensión á de agresión de forma máis o menos continua.

Cando a situación se cronifica é difícil que a vítima sexa capaz de reaccionar a non ser que necesite coidados médicos e acuda a servizos de urxencias o ben que se produza

algún acontecemento que a vítima interprete como non asumíbel como pode ser lesións o ameazas a fillos e fillas.

FACTORES DE RISCO

Aínda que pareza unha excesiva redución, o único factor de risco evidente para ser vítima de violencia de xénero consiste no feito de ser muller.

Mesmo así podemos sinalar algúns factores que poden ser importantes no inicio e mantemento dos malos tratos contra a muller, o que poden facilitar a conduta do agresor. Se ben debe quedar claro que **non existe un perfil de muller maltratada**.

- En lo referente ao **inicio dos episodios violentos**, sobre todo no ámbito familiar, podemos dicir que as mulleres entre 16 e 24 anos con parella presentan un maior risco de sufrir violencia, sobre todo de tipo sexual. Hai que ter en conta que no ámbito familiar hai un elevado número de mulleres que sofren violencia (sexual, psicolóxica, física o económica) durante practicamente toda súa vida. Isto é importante á hora de tratar de pórmonos no lugar destas mulleres cando acoden a un servizo sanitario.
- Mulleres con **trastornos mentais** serán máis vulnerábeis a este tipo de violencia, ao igual que mulleres con **minusvalías psíquicas e/ou físicas**..
- Sabemos que existen factores que relacionan experiencias previas de maltrato con posibilidade de volver a sufrilo. Isto ocorre, sobre todo, naquelas mulleres que non han recibido unha intervención especializada sobre todo a nivel psicolóxico, ben porque non existan recursos especializados o porque non se detectou este maltrato no seu momento.

- O **embarazo** pode supor un período de risco para o comezo ou o incremento dos episodios violentos , relacionado embarazo e violencia algúns estudos manifestan que até un terzo das condutas violentas poden comezar o agravarse cando a muller está embarazada podendo interpretar o agresor esta situación como unha ameaza contra o seu dominio e/ou un indicativo de que a muller vai a ter máis dificultades para fuxir do seu sometemento.
- Durante os procesos de **separación e divorcio** aumenta o risco de sufrir agresións graves en mulleres vítimas de violencia
- Haberá que prestar especial atención nos casos de **mulleres inmigrantes** que podan provir de culturas en as que o poder do home sobre a muller sexa un pensamento establecido, ademais, o descoñecemento do idioma, a falta de unha rede de apoio familiar e/ou social, situacións de residencia irregular e descoñecemento dos seus dereitos poden dificultar enormemente o detectar situacións de violencia.

En lo referente ao maltratador, tampouco existe un perfil definido se ben certos factores de personalidade e costumes machistas asumidas como naturais poden actuar como facilitadoras deste tipo de condutas.

- Problemas no **control de impulsos**, sobre todo en lo referente a condutas agresivas.
- **Inseguridade e falta de madurez emocional.**
- Dificultade para **comunicar emocións.**
- Asumir que a relación de parella é unha **relación de posesión** na que a muller pasa a ser un mero obxecto, presentando condutas de celos e de control.

- Se ben o uso do alcohol e outras drogas non son causa necesaria ni suficiente para que se produzan condutas violentas, si que poden actuar como **sustancias facilitadoras** da conduta violenta e en concreto o alcohol como droga con efectos desinhibidores a nivel psicolóxico nas doses iniciais aínda que sexan coñecidos os seus efectos como depresor do Sistema Nervioso Central.

CONSECUENCIAS Da VIOLENCIA DE XÉNERO

Na **muller** podemos, entre outras, as seguintes consecuencias:

FÍSICAS: Todo tipo de lesións orgánicas e/ou funcionais, traumatismos, feridas, queimaduras, lesións xenitais, enfermidades de transmisión sexual, embarazos de risco, abortos e morte.

PSICOLÓXICAS: Trastorno por estres post-traumático (TEPT), ansiedade, depresión, intentos de suicidio, abuso de alcohol e outras drogas, abuso de psicofármacos, trastornos

por somatización, disfuncións sexuais, illamento emocional, sentimento de culpa e imposibilidade de analizar seu propio estado con tendencia a xustificalo.

Lo anterior poderíamos englobalo no denominado *Síndrome da muller maltratada*.

SOCIAIS: Illamento social, familiar, distanciamento das amizades, absentismo laboral e/ou perda do emprego.

tampouco debemos esquecer a outras persoas que podan convivir con a vítima e especialmente nos casos de violencia doméstica aos **fillos e fillas** independentemente de que sexan obxecto de agresións directas sempre van a ser a súa vez vítimas da situación que ocorre á súa volta. A veces escoitamos frases como “aos fillos non os maltrataba”

cando sabemos que o feito de existir maltrato nun contexto familiar implica que todas as persoas dese contexto, excepto o agresor, se convertan en vítimas de un u outra forma.

SITUACIÓN ACTUAL: DATOS SOBRE VIOLENCIA

Aínda que non se dispoñen de datos exactos sobre violencia de xénero, sabemos por diversos estudos e informes, entre eles o Informe Mundial sobre Violencia e saúde da O.M.S., que case un terzo das mulleres han sufrido violencia nalgún momento da súa vida e en E.E. U.U. e Europa entre un 20-25% das mulleres que acoden a consulta han sufrido algún tipo de violencia no último ano.

En lo referente a España, dispoñemos de datos publicados polo Instituto da Muller (Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais) e polo Centro Reina Sofía para o estudo da violencia, no ano 2002 sobre unha mostra de 20552 mulleres maiores de 18 anos, se obtiveran como datos relevantes:

.- o 12,4% das mulleres entrevistadas estaba en situación obxectiva de violencia no entorno familiar, segundo os indicadores validados. Este dato proxectado á poboación total española indica que 2.090.767 mulleres están en situación obxectiva de maltrato familiar; en 1.551.214 o maltrato é inflixido pola súa parella.

.- Só unha terceira parte destas mulleres se consideraban a si mesmas vítimas de maltrato, reflectindo a tolerancia a este tipo de violencia, que vai intimamente unida á progresiva mingua na autoestima persoal.

Non debemos quedarnos só nas cifras e é necesario constatar que só se denuncian entre o 5-10% dos casos de violencia de xénero. Ademais habería que ter en conta os casos de suicidio en mulleres que podan estar relacionados directamente con dicha violencia.

Tamén é importante sinalar que debido a as características propias desta violencia se pode producir un resultado aparentemente paradoxal en lo referente ao número de denuncias no sentido que un aumento destas non significa un agravamento do problema senón, por contrario, un afloramento da problemática real.

4.- ESTADO ACTUAL DESTE ESTUDO

ESTADO ACTUAL DESTE ESTUDO

Dados recollidos da poboación atendida no programa de atención a vítimas de violencia de xénero do Servizo Galego de Igualdade en colaboración co Colexio Oficial de Psicólogos de Galicia:

N: 725 (numero total de mulleres atendidas no programa)

- 401, número de mulleres dadas de alta terapéutica no programa.
- 86 abandonos do tratamento
- 33 non inician o tratamento
- 205 continúan en tratamento.

De estes datos podemos estimar que o programa de atención a vítimas de violencia de xénero do Servizo Galego de Igualdade en colaboración co Colexio Oficial de Psicólogos de Galicia, ten un alta efectividade. Dado que só unha porcentaxe pequena de mulleres non completan o tratamento iniciado. É dicir que só o 11% das mulleres que inician o tratamento non finalizan.

No momento actual o estudio encontrase na fase de comprobación de hipóteses para a elaboración das conclusións e o planeamento de novos obxectivos.

4.- TÁBOAS DE DADOS SOBRE VIOLENCIA No ESTADO ESPAÑOL e EN GALICIA:

**Dados do Instituto da Muller e do Servizo Galego de
Igualdade (SGI).**

DENUNCIAS POR MALOS TRATOS PRODUCIDOS POR PARELLA Ou EX-PARELLA(1), SEGUNDO CCAA.

		2002	2003	2004	2005	2006	2007
							Acumulado até septiembre
Mulleres. Datos Absolutos. (Delitos + faltas)	TOTAL	43.313	50.090	57.527	59.758	62.170	48.176
	ANDALUCÍA	8.848	10.503	12.421	13.691	14.248	11.325
	ARAGÓN	988	1.041	1.265	1.412	1.469	1.250
	ASTURIAS	1.000	1.248	1.354	1.501	1.586	1.108
	BALEARES	1.351	1.706	2.136	2.278	2.524	2.017
	CANARIAS	3.981	4.630	5.377	5.586	5.599	3.966
	CANTABRIA	496	608	651	668	614	460
	CASTILLA a MANCHA	1.507	1.837	2.158	2.257	2.587	2.214
	CASTILLA e LEÓN	2.045	2.167	2.367	2.463	2.544	2.076
	CATALUÑA (*)	5.113	5.187	5.611	4.699	3.874	2.148
	C. VALENCIANA	5.235	6.415	8.053	8.290	9.027	7.117
	EXTREMADURA	809	965	1.100	1.155	1.153	919
	GALICIA	1.985	2.275	2.464	2.737	2.912	2.451
	MADRID	6.776	7.914	8.869	9.260	9.942	8.097
	MURCIA	2.076	2.460	2.516	2.621	2.793	2.162
	NAVARRA	338	322	392	347	327	276
	PAÍS VASCO (*)	22	21	14	15	116	9
	LA RIOJA	257	314	309	334	388	299
CEUTA	212	234	240	222	222	139	
MELILLA	274	243	230	222	245	143	

(Delitos + faltas)	TOTAL	2.260	2.608	2.985	3.107	3.245	2.567
	Mulleres. Tasa por millón de mulleres.						
ANDALUCÍA	2.334	2.728	3.195	3.457	3.547	2.819	
ARAGÓN	1.608	1.679	2.012	2.217	2.292	1.951	
ASTURIAS	1.790	2.231	2.423	2.679	2.829	1.977	
BALEARES	2.946	3.606	4.478	4.644	5.056	4.041	
CANARIAS	4.325	4.901	5.631	5.700	5.630	3.988	
CANTABRIA	1.786	2.161	2.293	2.323	2.116	1.585	
CASTILLA a MANCHA	1.687	2.023	2.338	1.777	2.691	2.303	
CASTILLA e LEÓN	1.628	1.721	1.875	2.610	1.994	1.627	
CATALUÑA (*)							
C. VALENCIANA	2.390	2.841	3.514	3.512	3.742	2.950	
EXTREMADURA	1.500	1.787	2.035	2.121	2.112	1.683	
GALICIA	1.397	1.595	1.728	1.912	2.031	1.710	
MADRID	2.366	2.675	2.956	3.010	3.208	2.612	
MURCIA	3.399	3.908	3.915	3.979	4.148	3.211	
NAVARRA	1.186	1.113	1.339	1.169	1.087	917	
PAÍS VASCO (*)							
LA RIOJA	1.825	2.190	2.112	2.236	2.556	1.969	
CEUTA	5.736	6.405	6.568	6.006	5.955	3.729	
MELILLA	8.057	7.205	6.853	6.902	7.445	4.345	

(1) Inclúense todos aqueles casos nos que a autoría corresponde ao cónxuxe (incluído separado/a-divorciado/a), Compañeiro/a sentimental, Ex-compañeiro/a sentimental, Noivo/a o Ex-noivo/a.

(*) Do País Vasco e Cataluña só dispoñemos das denuncias presentadas ante os Corpos e Forzas de Seguridade do Estado. Por iso non se inclúen taxas por millón de mulleres.

**MULLERES MORTAS POR VIOLENCIA DE XÉNERO A MANS DA SÚA PARELLA
O EX-PARELLA (1), POR CCAA (NÚMEROS ABSOLUTOS)**

1999 2000 2001 2002 2003 2004 2005 2006 2007

22-nov

ANDALUCÍA	13	10	12	10	13	19	9	20	8
ARAGÓN	0	0	1	3	2	2	4	1	2
ASTURIAS	1	0	2	0	2	0	1	3	2
BALEARES	3	1	2	4	4	2	4	3	1
CANARIAS	2	5	5	7	6	2	6	4	6
CANTABRIA	1	0	0	0	1	2	0	0	2
CASTILLA a MANCHA	5	3	2	0	2	4	2	4	5
CASTILLA e LEÓN	3	3	1	4	4	2	4	3	3
CATALUÑA	9	8	7	7	12	11	8	10	9
C. VALENCIANA	6	7	9	9	7	9	7	8	10
EXTREMADURA	1	1	0	1	1	2	0	1	0
GALICIA	2	4	0	3	5	2	1	0	5
MADRID	4	17	6	4	5	5	4	5	10
MURCIA	1	1	2	0	3	4	2	3	2
NAVARRA	1	1	0	1	1	1	2	0	1
PAÍS VASCO	1	2	1	1	0	4	3	3	2
LA RIOJA	1	0	0	0	2	1	0	0	0
CEUTA	0	0	0	0	1	0	0	0	0
MELILLA	0	0	0	0	0	0	1	0	1
TOTAL	54	63	50	54	71	72	58	68	69

MULLERES MORTAS POR VIOLENCIA DE XÉNERO A MANS DA SÚA PARELLA O EX-PARELLA (1), POR CCAA (POR MILLÓN DE MULLERES)

	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007 (2)
									22-nov
ANDALUCÍA	3,50	2,68	3,19	2,64	3,38	4,89	2,27	4,98	1,99
ARAGÓN	0,00	0,00	1,65	4,88	3,23	3,18	6,28	1,56	3,12
ASTURIAS	1,77	0,00	3,58	0,00	3,58	0,00	1,78	5,35	3,57
BALEARES	7,22	2,34	4,53	8,72	8,45	4,19	8,16	6,01	2,00
CANARIAS	2,38	5,80	5,61	7,61	6,35	2,09	6,07	4,02	6,03
CANTABRIA	3,69	0,00	0,00	0,00	3,55	7,05	0,00	0,00	6,89
CASTILLA a MANCHA	5,75	3,43	2,27	0,00	2,20	4,33	1,57	4,16	5,20
CASTILLA e LEÓN	2,38	2,39	0,80	3,18	3,18	1,58	4,24	2,35	2,35
CATALUÑA	2,83	2,50	2,16	2,12	3,54	3,19	2,27	2,78	2,51
C. VALENCIANA	2,89	3,33	4,21	4,11	3,10	3,93	2,97	3,32	4,14
EXTREMADURA	1,85	1,86	0,00	1,85	1,85	3,70	0,00	1,83	0,00
GALICIA	1,41	2,82	0,00	2,11	3,50	1,40	0,70	0,00	3,49
MADRID	1,50	6,29	2,15	1,40	1,69	1,67	1,30	1,61	3,23
MURCIA	1,75	1,73	3,36	0,00	4,77	6,22	3,04	4,46	2,97
NAVARRA	3,69	3,65	0,00	3,51	3,46	3,42	6,74	0,00	3,32
PAÍS VASCO	0,93	1,87	0,93	0,93	0,00	3,71	2,77	2,75	1,84
LA RIOJA	7,48	0,00	0,00	0,00	13,95	6,83	0,00	0,00	0,00
CEUTA	0,00	0,00	0,00	0,00	27,37	0,00	0,00	0,00	0,00
MELILLA	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	31,09	0,00	30,39
TOTAL	2,63	3,05	2,39	2,54	3,27	3,29	2,60	3,01	3,05

(1) Inclúen aqueles casos nos que o agresor é o cónxuxe, ex-cónxuxe, compañeiro sentimental, ex-compañeiro sentimental, noivo o ex-noivo.

(2) Os datos para 2007 están calculados sobre datos de poboación do padrón 2006

ORDES DE PROTECCIÓN XESTIONADAS POLO PUNTO DE COODINACIÓN DAS ORDES DE PROTECCIÓN DE GALICIA

ANO 2006

	CON SEGUIMENTO A 01/01/2006	EMITIDAS NO 2006	VIXENTES A 31/12/2006
A CORUÑA	74	531	639
LUGO	6	128	150
OURENSE	29	187	214
PONTEVEDRA	33	241	308
TOTAL	142	1087	1314

DADOS FACILITADOS POLO INSTITUTO DA MULLER DO MINISTERIO DE TRABALLO E ASUNTOS SOCIAIS

ANO 2006

DENUNCIAS POR MALOS TRATOS	
MULLERES. Nº TOTAL DE DENUNCIAS (DELITOS + FALTAS)	2912
MULLERES. TASA POR MILLÓN DE MULLERES (DELITOS + FALTAS)	2034
HOMES. Nº TOTAL DE DENUNCIAS (DELITOS + FALTAS)	554
MORTES POR VIOLENCIA DE XÉNERO	
MULLERES MORTAS A MANS DA SÚA PARELLA OU EXPARELLA	0
ORDES DE PROTECCIÓN (1º SEMESTRE DE 2006)	
SOLICITADAS	739
ACORDADAS	79,30 %

MULLERES BENEFICIARIAS DE AXUDAS ECONÓMICAS ESPECÍFICAS DA XUNTA DE GALICIA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO
A 31/12/2006

	SALARIO DA LIBERDADE	AXUDAS DO ART. 27 DA LEI 1/2004
A CORUÑA	140	10
LUGO	24	2
OURENSE	29	4
PONTEVEDRA	82	4
TOTAL	275	20

DADOS DE DENUNCIAS POR MALOS TRATOS, FACILITADOS POLOS CORPOS POLICIAIS EN GALICIA

ANO 2006

		TOTAL ANUAL					TOTAL POR CORPO
		A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	TOTAL	
POLICIA NACIONAL (1)	DELITOS	non consta	non consta	non consta	non consta	non consta	non consta
	FALTAS	non consta	non consta	non consta	non consta	non consta	
GARDA CIVIL	DELITOS	0	43	37	135	215	222
	FALTAS	0	2	2	3	7	
POLICIA AUTÓNOMICA	DELITOS	28	0	8	46	82	92
	FALTAS	2	0	4	4	10	
TOTAL POR PROVINCIA		11	18	8	65		
TOTAL COMUNIDADE AUTÓNOMA (2)							314

(1) Nota: Os datos do total anual das denuncias presentadas ante a Policía Nacional na Comunidade Autónoma de Galicia non se reflicten, xa que este organismo deixou de remitir a este Servizo datos desagregados en xullo de 2004, debido a un cambio na súa aplicación informática.

(2) Nota: No total da comunidade autónoma non se reflicten os datos da Policía Nacional.

ORDES DE PROTECCIÓN XESTIONADAS POLO PUNTO DE COODINACIÓN DAS ORDES DE PROTECCIÓN DE GALICIA

ATA 30/09/2007

	CON SEGUIMIENTO A 01/01/2007	EMITIDAS 1º TRIMESTRE	EMITIDAS 2º TRIMESTRE	EMITIDAS 3º TRIMESTRE	VIXENTES A 30/09/2007
A CORUÑA	632	130	114	103	961
LUGO	140	64	52	48	269
OURENSE	206	46	44	40	339
PONTEVEDRA	311	143	121	112	679
TOTAL	1289	373	331	303	2248

DADOS FACILITADOS POLO INSTITUTO DA MULLER DO MINISTERIO DE TRABALLO E ASUNTOS SOCIAIS

ATA 08/2007

DENUNCIAS POR MALOS TRATOS (ATA O 31/08/2007)

MULLERES. Nº TOTAL DE DENUNCIAS (DELITOS + FALTAS)	2198
MULLERES. TASA POR MILLÓN DE MULLERES (DELITOS + FALTAS)	1540
HOMES. Nº TOTAL DE DENUNCIAS (DELITOS + FALTAS)	387

MORTES POR VIOLENCIA DE XÉNERO (ATA O 07/08/2007)

MULLERES MORTAS A MANS DA SÚA PARELLA OU EXPARELLA	5
--	---

ORDES DE PROTECCIÓN

SOLICITADAS	por determinar
ACORDADAS	por determinar

DADOS DE DENUNCIAS POR MALOS TRATOS, FACILITADOS POLOS CORPOS POLICIAIS EN GALICIA ANO 2007

1º TRIMESTRE 2007

		A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	TOTAL	TOTAL POR CORPO
POLICIA NACIONAL (3)	DELITOS	non consta	non consta	non consta	non consta	non consta	non consta
	FALTAS	non consta	non consta	non consta	non consta	non consta	
GARDA CIVIL	DELITOS	0	14	13	19	46	47
	FALTAS	0	0	1	0	1	
POLICIA AUTONÓMICA	DELITOS	11	0	3	8	22	23
	FALTAS	0	0	0	1	1	
TOTAL POR PROVINCIA		11	14	17	28		
TOTAL COMUNIDADE AUTÓNOMA							70

2º TRIMESTRE 2007

		A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	TOTAL	TOTAL POR CORPO
POLICIA NACIONAL (3)	DELITOS	non consta	non consta	non consta	non consta	non consta	non consta
	FALTAS	non consta	non consta	non consta	non consta	non consta	
GARDA CIVIL	DELITOS	0	20	0	23	43	43
	FALTAS	0	0	0	0	0	
POLICIA AUTONÓMICA	DELITOS	5	0	0	8	13	13
	FALTAS	0	0	0	0	0	
TOTAL POR PROVINCIA		5	20	0	23		
TOTAL COMUNIDADE AUTÓNOMA							56

(3) Nota: Os datos das denuncias presentadas ante a Policía Nacional na Comunidade Autónoma de Galicia non se reflicten, xa que este organismo deixou de remitir a este Servizo datos desagregados en xullo de 2004, debido a un cambio na súa aplicación informática.

5.- ANEXOS

PROGRAMA DE ATENCIÓN PSICOLÓGICA A MULLERES VÍCTIMAS DE VIOLENCIA de GÉNERO

Fecha de contacto telefónico.....
Centro o persona que deriva.....
PoblaciónTeléfono.....

1.1. DATOS DE LA PERSONA AGREDIDA

Nombre y apellidos.....
DNI.....Nacionalidad.....
Código de identificación.....
Teléfono de contacto.....
Domicilio.....
Vivienda o Propiedad o Alquiler o Casa o Piso o Urbano o Rural
Tiempo de residencia en Galicia
Lugar de nacimiento.....
Fecha de nacimiento.....
Estudios o Lee y escribe o Primarios o Secundarios o Universitarios
Ocupación Trabaja en casa Fuera de casa Antigüedad Parada Antigüedad
Situación económica holgada escasa precaria
Dependencia económica padres pareja suegros Ser.Soci. otros
Estado civil Actual.....Anterior.....
Años de convivencia.....
Hijo/aS.....
.....
En el programa.....
.....

Persona encargada del tratamiento.....
Población.....Teléfono.....
Dirección.....Nº Colegiado.....

1.2. DATOS DE LA PERSONA AGRESORA

Nombre y apellidos.....

1.3 PSICOLOGA/ O ENCARGADA/O DEL TRATAMIENTO

Persona encargada del tratamiento.....
Población.....Teléfono.....
Dirección.....Nº Colegiado.....

2. DEMANDA

Tiempo de separación
O 6 meses o menos o 6 a 12 meses
O 1 a 5 años o 5 a 10 años
O más de 10 años
Actualmente o Vive sola o Acompañada (especificar).....
.....
Separaciones temporales

3. VIOLENCIA

Burlas	Culpabilizaciones	Gritos	Insultos	Amenazas
Críticas	Atemorizaciones	Inmovilizaciones	Bofetadas	
Empujones	Tirones de pelo	Golpes	Agresiones con objetos	
Agresiones con armas	Sexo con amenazas	Atención médica	Atención	
psicológica	Atención psiquiátrica			

Nº de denuncias presentadas	Nº Intervenciones Policiales
Orden de PROTECCIÓN	

CALENDARIO DE SESIONES.....
.....
PRÓRROGA DE SESIONES

BIBLIOGRAFÍA

BIBLIOGRAFÍA

- Alberdi,I, Matas N. a violencia doméstica. Informe sobre os malos tratos a mulleres en España. Colección Estudios Sociales nº 10; 2002.
- Bonino L. Micromachismos: a violencia invisíbel na pareja. Ed. Generalitat Valenciana. Dirección General de la Mujer. 1996.
- Bradley F, Smith M, Long J, O'Sowd T. Reported frequency of domestic violence:cross sectional survey of woman attending general practice. BMJ. 2002;324:271.
- Campbell L. Health consequences of intimate partner violence. Lancet. 2002;359:1331-6.
- Coordinación policial ante a violencia de xénero: Guía de boas prácticas. Xunta de Galicia. Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude. Servicio Galego de Igualdade. 2002.
- Corsi J. Maltrato e abuso no ámbito doméstico. Fundamentos teóricos para o estudio de la violencia en las relaciones familiares. Ed. Paidós 2003
- Echeburúa E,. Personalidades violentas . - Madrid : Pirámide, 1998.
- Encuesta: a violencia contra as mulleres. Madrid: Instituto de la Mujer; 2000.
- Fernández MC, Herrero S, Buitrago F, Ciurana R, Chocron L, García J, et al. Violencia doméstica. Madrid: Ministerio de Sanidad e Consumo; 2003.
- Guía de sensibilización y formación en igualdad de oportunidades entre hombres y mujeres.Fundación Mujeres-. Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociales. Instituto de la Mujer 2006.
- Guía sobre Violencia de Xénero en Atención Primaria de Saude. Gerencia de Atención Primaria de Lugo. Servizo Galego de Saúde.2007
- Informe mundial sobre a violencia e a saude. Publicado en español por a Organización Panamericana da Saude para a Organización Mundial da Saude. Washington, D.C.2002.
- Kaye DK, Mirembe FM, Bantebya G, Johansson A, Ekstrom AM. Domestic violence during pregnancy and risk of low birthweight and maternal complications: a prospective cohort study at Mulago Hospital, Uganda.Department of Obstetrics and Gynaecology,

Makerere University Medical School, Kampala, Uganda. Trop Med Int Health. Oct;11(10):1576-84. 2006.

- Labrador F, Paz P, De Luís P, Fernández-Velasco R. Mujeres víctimas de la violencia. Programa de actuación. Manuales Prácticas de Tratamiento. Ediciones Pirámide. Madrid, 2004.

- LEY ORGÁNICA 1/2004, de 28 de diciembre, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero. Miércoles 29 diciembre 2004 BOE núm. 313.

- Lorente M, Lorente JA. Agresión á muller: Maltrato, violación e acoso. Ed. Comares, Granada, 1999.

- Martín M, González Rodríguez MA, Vicente Muelas N. o Maltrato. Colección Retos en Salud Mental en el siglo XXI en Atención Primaria. IM&C 2005.

- Montero A. SINDROME DE ADAPTACION PARADOJICA á VIOLENCIA DOMESTICA. Clínica e Salud, 2001, Vol. 12, nº 1, págs. 371-397.

- Mulleres en Red. Violencia. (<http://www.nodo50.org/mulleres/home.htm>).

- Mun Man G, Conde A, Portillo I. Mujer, discapacidad e violencia: o rostro oculto de la desigualdad. Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociales, Instituto de la Mujer. Estudios 93. 2006.

- Nogueiras B, Arechederra A, Bonino L. a atención sociosanitaria ante a violencia contra as mulleres, Madrid: Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociales, Instituto de la Mujer, Salud 3, 2005. 2ª Edición.

- ONU. Recomendacions da Cuarta Conferencia Mundial sobre a Muller-Beijing, China. 4-15 de setembro de 1995. (<http://www.muller.gov.ar/decl13.htm>).

- Ruiz-Jarabo C, Blanco P. a violencia contra as mulleres. Prevención e detección. Ed. Díaz de Santos. Madrid. 2004.

- Suárez T, Mullor A. Violencia psicológica: a parte sumergida do iceberg. Medifam. 1998;8:34-42.

- Terebelo S. Practical approaches to screening for domestic violence. Downstate Medical Center, Brooklyn, NY, USA. JAAPA. 2006 Sep;19(9):30-5. PMID: 16999285 [PubMed - indexed for MEDLINE]

- Velázquez S. Violencias cotidianas. Violencia de Género. Escuchar. Comprender. Ayudar. Ed. Paidós 2003.

. Villalva Quintana E; Arbesú Prieto JA. Violencia de Género e Atención Primaria. Grupo de trabajo en Salud Mental SEMERGEN. Ed. Med., S.L. Badalona 2006.

. Violencia Doméstica. Documentos SEMFYC. Ministerio de Sanidad e Consumo. 2003.

• Walker L. The battered woman syndrome. Springer, Nueva York. 1984.